

A Coruña, 6 de abril de 2017


## **Fundación Repsol apoia o programa educativo da Orquestra Sinfónica de Galicia**

Fundación Repsol apoia un ano máis o programa educativo Son Futuro, que inclúe as actividades da Orquestra Nova, a Orquestra de Nenos, os Nenos Cantores, o Coro Novo da OSG e o ciclo de Son Futuras Promesas.

Fundación Repsol apoia o talento dos novos intérpretes da Orquestra Sinfónica de Galicia cunha achega económica de máis de 70.000 euros destinados ao desenvolvemento de actividades do programa Son Futuro. Este proxecto educativo, que desde o ano 2013 conta coa colaboración da Fundación, inclúe as actividades da Orquestra Nova, a Orquestra de Nenos, os Nenos Cantores e o Coro Novo da OSG, ademais, do ciclo de Son Futuras Promesas.

Nos seus pouco máis de vinte anos de vida, o proxecto Son Futuro chegou a máis de medio millón de estudantes e formado a máis de mil novos instrumentistas. Para esta nova edición, prevese que uns 23.000 escolares galegos gocen deste programa a través dos seus concertos didácticos e en familia. En total serán 50 sesións nas que as futuros intérpretes da OSG achegarán a mellor música de cámara, sinfónica e ballet.

O programa de concertos comezou en febreiro e finalizará a principios do mes de xuño co concerto da Orquestra de Nenos da OSG baixo a dirección de Enrique Igrexas e Jorge Montes. Doutra banda, o ciclo Son Futuras Promesas ofrecerá na súa cuarta edición un total de cinco concertos, de febreiro a maio, nos que os tres intérpretes de violín e viola da Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia presentaranse como solistas.



A colaboración da Fundación Repsol co programa Son Futuro enmárcase dentro do compromiso que Repsol e a súa Fundación manteñen co impulso e promoción de cultura galega.